

TRABALLO PARA REALIZAR A PARTIR DO 1 DE ABRIL

Cada alumno/a será responsable de ir realizando as seguintes tarefas. Non é obrigatorio entregalas agora, mais se alguén quere facelo pode envialas por correo para que sexan corrixidas pola docente. O correo de contacto é olalla.linhares@gmail.com.

Imos comezar a traballar co comentario crítico, que como xa vos dixen é unha pregunta que sempre vale 3 puntos na ABAU. Basicamente, trátase de redactar un texto argumentativo sobre un tema que se nos propón a partir do texto do exame. Con todo, non consiste en ir comentando o texto do exame, senón en compoñer un texto persoal e independente do orixinal partindo desa temática; se ben nalgún punto concreto podemos facer alusión ao texto do exame. Velaquí un exemplo dunha proba da ABAU:

A sociedade hoxe está a percibir multitude de estímulos, tantos que é imposible a súa asimilación con sentido crítico e reflexivo. No entanto, non se inclúen de xeito preferente ou, cando menos, en igualdade de condicións, os elementos culturais, nomeadamente os galegos.

Cóñécese antes calquera figura mediocre e incluso tóxica para a formación do individuo –e, por extensión, da sociedade– que unha referente da escrita, da música, da ciencia, das artes plásticas, do teatro, etc. Cultívase o valor da simple aparencia física predeterminada por un canon homoxéneo máis do que a capacidade intelectual. Refórzase o valor do acceso ao carto rápido antes do que a cultura do esforzo e o traballo progresivo cara á cultura do coñecemento. E todo isto con fortes investimentos económicos para inventar un determinado mercado superficial e carente de principios.

Que a infancia e a mocidade soñe con ser futbolista ou modelo moi maioritariamente non me parece o mellor termóstato da boa saúde social. Que porcentaxe da cidadanía soubo –e foi quen de o valorar– que o eminente científico galego Ángel Carracedo acaba de recibir o premio nacional polo seu determinante labor desenvolvido ao redor da investigación xenética? Quen foi María Wonenburger?

Que presenza ten a cultura galega nas radios, nas televisión, na internet, no cinema, no teatro, nos foros públicos, na prensa impresa e dixital, nas revistas? Porque xa sabemos que non se valora o que non se coñece.

Mercedes Queixas en *Palavra Comum* (09/10/2015)

1. Elabora un esquema coas ideas principais e secundarias do texto. [1 punto]
2. Indica o significado que teñen as seguintes frases no texto: *sentido crítico* (líña 2), *figura tóxica* (l. 4), *referente da escrita* (l. 5), *carto rápido* (l. 7), *termóstato da saúde social*. (l. 11) [1 punto]
3. A autora móstrase crítica co feito de que *a infancia e a mocidade soñe con ser futbolista ou modelo moi maioritariamente* (líña 10). Redacta un texto expoñendo de maneira argumentada o teu acordo ou desacordo co seu punto de vista. (Extensión aprox. 200-250 palabras). [3 puntos]

A miña proposta para estes días é que tentedes realizar o que se vos pide neste exemplo. Seguramente desta primeira vez non vaian saír textos moi ben feitos porque é unha primeira toma de contacto, mais isto só se aprende a base de practicar. A continuación déixovos algunhas indicacións. O máis importante, para comezar, é que sigades a estrutura que se vos indica e que utilicedes a lingua de xeito formal (evitade a 2ª persoa do singular, mellor a 1ª do plural ou formas impersoais). E fixédevos ben no que se vos pregunta, non vos vaiades do tema.

O COMENTARIO CRÍTICO

Consiste en expresar de forma clara e ben organizada unha valoración argumentada sobre un tema que se nos propón. Trátase, pois, de expor a nosa opinión empregando argumentos que a apoien.

RECOMENDACIÓNS PARA A REDACCIÓN DO COMENTARIO

1. Decidir a tese ou opinión que imos defender .
 - Pensar os argumentos que empregaremos: ideas ou razóns que apoien a nosa tese e refuten os argumentos contrarios á mesma.
 - Proceder á redacción definitiva do texto tendo en conta a estrutura que debemos seguir.

ESTRUTURA DO TEXTO

1. Introducción (parágrafo inicial):

- a) Facer referencia ao tema que se nos dá, incluíndo algunha valoración sobre a importancia, actualidade ou orixinalidade deste > *Hoxe en día este tema está moi de actualidade porque... Estamos ante unha cuestión moi de actualidade porque... Este tema está a xerar moita polémica hoxe en día...*
- b) Expresar a nosa postura con respecto a este tema > *Desde o meu punto de vista, segundo o meu modo de ver, penso/ opino, considero que, (non) estou de acordo con...*

2. Desenvolvemento ou corpo argumentativo. (2 ou 3 parágrafos): trátase de expoñer con claridade e corrección as nosas ideas e opinións, defendéndolas con argumentos ordenados. Cómpre evitar as contradicións, as afirmacións non razoadas, a redundancia... así como apartarse do tema. É dicir, debemos expoñer de xeito claro 2 ou 3 argumentos cos que defender a nosa postura.

3. Conclusión (parágrafo final): nela sintetizamos os argumentos, a esencia do que vimos de expoñer, para reafirmarnos na nosa postura. Unha fórmula posible para expresala pode ser: *En conclusión, atendendo ós argumentos expostos (...) podemos reafirmar a idea de que...*

*A conclusión pode incluír unha proposta: *En vista disto, é conveniente/é necesario/débese...*

ALGÚNS TIPOS DE ARGUMENTOS

- **De coñecemento xeral:** afirmacións ou ideas amplamente aceptadas na sociedade e non discutidas por considerárense de sentido común > *Debemos ser respectuosos cos ríos porque a auga é imprescindible para a vida.*
- **De autoridade:** baséanse na opinión de persoas ou institucións expertas no tema > *Segundo a RAG, o alumnado de secundaria mellorou a expresión escrita en galego pero non a oral.*
- **De datos:** ofrecen datos, cifras e porcentaxes que dan rigor > *A venda de discos diminuíu un 60% nos últimos anos.*
- **De feitos:** son probas demostrables ou sucesos realmente ocorridos, que se poden comprobar > *Os proxectos mineiros poden provocar desastres ecolóxicos, como ocorreu en Aznalcóllar.*
- **De exemplos:** casos concretos que serven como exemplo do que se quere defender > *Finlandia é un exemplo de que investir en educación repercute positivamente na sociedade.*
- **De experiencia persoal:** empréganse as propias experiencias para apoiar a tese > *Chegar a unha cidade sendo dunha aldea non é fácil. Eu podo afirmar que fun xulgada cando...*
- **De xustiza:** o que é xusto debe prevalecer sobre o que é inxusto > *As mulleres deben gañar o mesmo ca os homes cando realicen o mesmo traballo.*
- **Legais:** acódesse ó disposto na lexislación > *Na Declaración Universal dos Dereitos Humanos díse que todas as persoas somos iguais.*
- **De utilidade:** baséase na idea de que o útil é preferible ao que non o é > *Estudar Portugués no instituto pódenos abrir portas no noso futuro laboral.*
- **Emotivos:** apélase ós sentimentos do/a receptor/a para provocar a súa empatía > *A doazón de órganos é fundamental posto que ninguén está libre de necesitar un transplante.*

*Debemos evitar sempre: argumentos ofensivos, de xeneralización ou baseados en prexuízos.

ALGÚNS CONECTORES TEXTUAIS

Introdución: en principio, para comezar, antes de nada...

Organización: primeiro, en primeiro lugar, primeiramente, en segundo lugar, a continuación, posteriormente...

Peche: finalmente, por último, para rematar...

Conclusión: en conclusión, en definitiva, en resumo...

Continuación: pois ben, neste sentido, entón...

Tematizadores: canto a, a propósito de, a respecto de ...

Distribución: por un lado, por outro; dunha banda, doutra...

Aditivos: ademais, e, incluso, do mesmo xeito, tamén, despois, igualmente, por outra banda...

Contraste: pola contra, non obstante, pero, mais, con todo, agora ben, así e todo, por outra banda...

Semellanza: de modo semellante, de igual maneira, igualmente, de xeito similar...

Explicación: isto é, é dicir, ou sexa, noutras palabras...

Certeza: de feito, evidentemente...

Causa e consecuencia: polo tanto, por conseguinte, en consecuencia, daquela, pormor de, así, entón, pois, xa que logo, por iso, de xeito que, así que...

Espazo-temporais: por riba, antes, mentres que, mentres tanto, de súpeto, máis tarde, despois, deseguido, sempre que, así que...